

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de novembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a primeira prórroga para a contratación dos servizos funerarios para o enterramento de persoas sen recursos. Expte ref: 2020-C003-000013, que vai dende a data do 22-12-2021 ata o 21-12-2022.

Acórdase a declaración de deserto do procedemento na contratación do servizo de elaboración e distribución de almorzo e xantar así como atención apoio durante o dito servizo levados a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS de Lugo. Exp. ref. 2021/C003/000005.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo de comida no fogar (xantar no fogar) do Concello de Lugo 2022 e a apertura do procedemento de adxudicación. Expte. ref. 2021/C003/000022.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Renovación de alumeados públicos en rúa Perpetuo Socorro e travesías (Río Avia, Río Támoga e Río Cabe)” e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000059

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Renovación das instalacións de alumeados públicos exterior en rúa Rei Don García e Travesías” e a apertura do procedemento

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6635391126259914198.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-11-2021

de adjudicación. Exp. ref. 2021-C002-000058.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adjudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do Barrio do Grupo la Paz" e a apertura do procedemento de adjudicación. Exp. ref. 2021-C002-000055

Tamén se acorda a adjudicación na contratación da subministración (adquisición), instalación e mantemento integral de 57 desfibriladores para edificios e instalacións municipais do Concello de Lugo. Expdte ref: 2021/C004/000016.

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación do acordo 15/306 convocatoria específica para a creación de bolsas de traballo (apartado 2.1.b, das bases xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo nas categorías profesionais) nas categorías profesionais, en relación aos membros da comisión de selección.

Tamén se acorda o nomeamento en comisión de servizos de tres postos de policía local do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para parcelación e reorganización das parcelas sitas na estrada N-VI, P..K. 506 (expte: 2020/Y005/000002).

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma de vivenda unifamiliar, sita na rúa San Lourenzo, número 17 (expte: 2019/Y001/000080); para reestructuración de edificación existente para unha vivenda, na rúa Tinería, número 12. (expte: 2019/Y001/000018); para modificar o número de vivendas que pasan a 4 unha soa vivenda por planta (3 planta e 1 atico), en lugar das 7 recollidas no proxecto de edificación que se modifica, que obtivo licenza con referencia 242/19, para executar unha edificación na rúa da Xesta, número 3. (expte: 2021/Y001/000075) e para legalización da modificación da disposición da estrutura consistente na colocación de piares e forxados nas plantas semisoto e soto, do edificio con licenza 432/2006 na avda. de Magoi, números 32-34 (expte: 2020/G001/000291)

Acórdase denegar as licenzas urbanísticas: para legalización de obras xa executadas para reforma e acondicionamento de local, con instalación de ascensor e construción de escaleiras, para ampliación de actividade comercial existente, con licenza 439/07, en rúa San Roque, número 163-165 e rúa Rei Don García número 26-28, baixo, (expte: 2021/Y001/000162) e para a reestructuración e ampliación de edificio composto de, planta baixa para uso comercial, planta primeira para unha

vivenda, planta segunda para unha vivenda e planta baixocuberta para unha vivenda-dúplex, na rúa Nova, número 39. (Expte: 90/17).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aceptación da subvención concedida mediante resolución provisional da convocatoria de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da axenda urbana española - Plan de acción denominado: Lugo cidade verde: Plan de acción da axenda urbana española.

5. CASA DA MULLER.- Acórdase aprobación do Convenio regulador da subvención nominativa da Concellería de Muller e Igualdade para o exercicio 2021.

Tamén se acorda a aprobación do IV Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo 2021-2024

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.